



ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLARÍA DE POLÍTICA SOCIAL, O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN “LA CAIXA” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA CAIXAPROINFANCIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Inclusión Social da Consellaría de Política Social,

DECLARA:

Que a Xunta de Galicia considera imprescindible impulsar a colaboración público-privada no ámbito da loita contra a pobreza e a exclusión social e promover o traballo coordinado de todos os axentes que contribúen no territorio da nosa Comunidade Autónoma a desenvolver procesos de inclusión social para, deste xeito, garantir ás persoas en situación de vulnerabilidade e, especificamente, ás e os menores, unha atención de calidade, de carácter integral e no seu medio familiar e social.

Que, pola súa banda, a Fundación “la Caixa”, desde a súa constitución, e como xestora de parte da Obra Social de “la Caixa”, dedicou numerosos esforzos económicos, estruturais e de organización humana a mellorar as condicións de vida das persoas, desenvolvendo programas, propios ou en colaboración con institucións públicas e privadas, dirixidos a diversos colectivos, que abarcan os ámbitos social, educativo, cultural, científico e ambiental. Entre estes programas, destaca o Programa CaixaProinfancia que ten como finalidade facilitar á infancia afectada por unha situación de pobreza e vulnerabilidade social o seu desenvolvemento integral e o incremento das súas oportunidades.





O obxecto deste convenio é establecer un marco de colaboración entre a Consellaría de Política Social, o Concello de Vigo e a Fundación “la Caixa”, a fin de coordinar os esforzos dirixidos a optimizar a aplicación do Programa CaixaProinfancia nunha área xeográfica determinada dentro do ámbito urbano da cidade de Vigo. Este programa está destinado a facilitar tanto a mellora da situación dos nenos e nenas e das súas familias, como a que desenvolvan as competencias e o compromiso necesario que lles permita asumir con autonomía o devandito proceso de mellora. A colaboración prevista neste Convenio centrarase en establecer e desenvolver un procedemento de actuación que permita identificar ás familias que teñan menores e se atopen en situación ou risco de exclusión social, informadas da existencia do Programa Caixa Proinfancia e que as administracións públicas asinantes deste convenio cooperen no traballo desenvolto con estas familias ao abeiro do programa coa finalidade de que este teña un carácter integral, así como todas as actuacións que sexan necesarias para alcanzar os obxectivos do programa.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

